



Xosé Ramón Freixeiro Mato, *Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto*, 2003, Vigo, A Nosa Terra.

Despois da monumental obra en tres volumes publicada por A Nosa Terra e intitulada *Gramática da lingua galega* (I, *Fonética e Fonoloxía*, 1998; II, *Morfosintaxe*, 2000; e III, *Semántica*, 1999), e após tamén unha síntese deses tres tomos destinada a un público máis amplo e dada a lume pola mesma editora (*Manual de gramática galega*, 2001), o profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato volta de novo á actualidade editorial do país por ser o autor da primeira teorización feita para o galego dentro do marco teórico coñecido como Lingüística do Texto: *Gramática da lingua galega. IV. Gramática do texto*. Este contributo, que saíu á rúa, á semellanza dos anteriores, das mans d'A Nosa Terra no ano 2003, foi entendido como unha outra parte do proxecto orixinal en tres volumes, xa que, como o propio autor sinala, “a gramática do texto non vén a ser máis do que outra parte da gramática dunha lingua, aquela que toma o texto como unidade de análise e estudo, superando o marco da cláusula en que tradicionalmente a gramática se detiña” (p. 11).

A nova contribución de Freixeiro Mato á lingüística galega aparece estruturada en nove temas que constitúen, por súa vez, os nove centros de interese que desenvolve o investigador da Universidade da Coruña. No primeiro deles, que cumpre a función dun necesario preámbulo ás oito unidades restantes (“A lingüística textual”, pp. 13-26), Freixeiro desenvolve un percurso histórico polo desenvolvemento da lingüística do texto como máis unha posibilidade de análise da lingua, salientando os antecedentes, as fases na evolución desta disciplina etc. “Discurso e texto” (pp. 27-32), que corresponde ao segundo dos temas, céntrase na esguitante (in)distinción entre ambos os conceptos partindo da equivalencia discurso-oralidade / texto-escrituralidade, que o profesor Freixeiro resolve a indicar que a tendencia dominante na actualidade é a “denominación única de texto, escrito ou falado” (p. 30). Co título “A diversidade dos xéneros discursivos” desenvólvese a unidade seguinte (pp. 33-41), en que se pasa atenta revista ás diferentes propostas existentes ao respecto, que presentan entre si importantes diferenzas, mais que, en todo o caso, e como sinala o autor, “cando unha persoa escolle un texto está a escoller unha maneira de actuar sobre alguén” (p. 39), onde se pondera o efecto que puiden ter un determinado texto sobre o eventual público ouvinte ou lector. O cuarto tema está consagrado aos tipos de textos existentes (pp. 44-62), en que, se ben é certo que non existen tipos textuais puros, se ofrece unha clasificación en textos argumentativos, explicativos, descritivos, narrativos e conversacionais. As relacións entre

contexto e texto, doutro lado, son analizadas na unidade seguinte (“Texto e contexto”, pp. 63-76), onde se tamén aborda a situación particular da Galiza como consecuencia da diglosia existente. “A organización da información” (pp. 77-102) é o tema seguinte, que se centra no estudo dos recursos lingüísticos que unha persoa utiliza para tonsorar o seu particular punto de vista na organización do texto. Doutra parte, o tema sete estuda a cohesión (pp. 103-135), o oitavo analiza nos marcadores discursivos (pp. 137-174) e o derradeiro destínase á análise da coherencia (pp. 175-185). A obra finda coas referencias bibliográficas (pp. 187-194) e cuns útiles índices (pp. 195-208), un de materias e outro de autores.

Desta proposta de estruturación temática interesa resaltarmos algúns aspectos, como poden ser, a modo de exemplo, a decisión de tratar por separado a coherencia e a cohesión. Non resulta fácil determinar os límites precisos de ambos os conceptos, e boa proba diso é que, como indica Freixeiro Mato, “hai autores que integran a coherencia na cohesión e outros que inclúen a cohesión na coherencia” (p. 179), sen faltaren investigadores que as tratan por separado, como Beaugrande / Dressler (1997). Mais, en harmonía con estes estudiosos ou con Koch / Travaglia (2002), o autor decide atinadamente distinguilas, xa que, como se indica neste traballo, a cohesión é “explicitamente revelada através das marcas lingüísticas”, que son “índices formais na estrutura da seqüencia lingüística e superficial do texto”. Congruentemente, pois, con esta decisión, desenvólvese os tipos de coherencia e cohesión, salientándonos nesta última, entre outros, os recursos gramaticais e lexicais; esta perspectiva incide nas responsabilidades textuais dos pronomes como elementos que serven para recobren información xa indicada (déixe textual ou anáfora), e permite entendérmolos como unidades fundamentalmente operativas no texto, superando así visións tradicionais, hoxe felizmente cada vez menos recorrentes, que os identificaban como as “palabras que substitúen os nomes” (*Os alumnos_x coñeceron uns turistas moi agradábeis_z. Estes_z pretendían convidalos_{xi} a xantar*). Aliás, as relacións semánticas de hiperonimia, hiponimia e cohiponimia, dun lado, e sinonimia, doutro, analizábeis dentro dos recursos lexicais, permiten, así mesmo, comprendermos esas nocións semánticas nunha dimensión máis ampla, pois serven, outravolta, como mecanismos que dotan o texto de cohesión (*Vin un paxaro_x onte e era unha ave_{xi} moi bonita*).

Máis un importantísimo acerto deste traballo, que é común cos tres volumes anteriores, é o feito de o autor estar a dialogar permanentemente coa literatura lingüística existente sobre os diferentes temas que desenvolve. Deste modo, polas páxinas desta *Gramática do texto* podemos compartillar e confrontar opinións con Escandell Vidal, Conte, Villaça Koch, Maingueneau, Marcuschi, Schiffirin, Sperber / Wilson, Van Dijk etc., que acompañan o profesor Freixeiro Mato ao longo das duascenas páxinas que conforman este tomo cuarto. Convén facermos notar que a tradición gramatical galega, quitando algún caso excepcional e nomeadamente até

a publicación dos tres volumes anteriores da obra de Freixeiro Mato, obviou ese constante cotexamento, esa continua imbricación reflexiva cos principais autores das materias ou aspectos que se estudan.

Outrosí, ao falarmos de bibliografía e de principios comúns co proxecto global de gramática galega en que se insire este traballo, non podemos deixar de comentar máis unha feliz concomitancia, cal é a utilización das gramáticas galegas existentes, desde as primeiras, as do século XIX, até ás últimas novidades editoriais, xa nos comezos do XXI. Hai abundantes exemplos en que se pode verificar ao longo da obra estoutro diálogo coa nosa tradición filolóxica, que, a pesar das súas eivas e características, é empregada con total acerto. Achamos unha boa proba disto no tema dedicado aos marcadores discursivos, en que figura un apartado consagrado a ver como os elementos que poden desenvolver estas funcións textuais (tradicionalmente coñecidos como “partículas” ou “palabras invariábeis”, como as preposicións e conxuncións, certos adverbios, interxeccións etc.) foron entendidos por autores como Saco Arce (1868), Lugrís Freire (1931), Carré Álvarellos (1967), Carballo Calero (1979), Álvarez / Regueira / Monteagudo (1986), Costa Casas / González Refoxo / Rábade Castiñeira / Morán Fraga (1988) ou Álvarez / Xove (2002). Pola lectura dese apartado podemos descubrir o modo en que determinadas palabras, que non encaixa(ba)n satisfactoriamente nas clasificacións tradicionais, lles supoñen aos autores respectivos certos problemas de identificación, precisamente pola súa singular natureza: Freixeiro Mato (p. 153), por exemplo, cita o caso de Saco Arce (1868: 134), quen se refire a formas cal *madia*, *ande* e *nô* como elementos “de natureza ambigua, participando á la vez de adverbios, conxunciones e interjecciones, siendo verdaderas oraciones elípticas”.

Está tamén presente nas páxinas deste tomo cuarto unha firme vontade de rexeneración e de dignificación do propio corpus lingüístico do galego, que se traduce, do mesmo modo que nas restantes partes da obra, nunha priorización das estruturas morfosintácticas máis idiosincráticas e xenuínas do galego, tales como o futuro de subxuntivo, o infinitivo flexionado, o infinitivo xerundial, a próclise do pronome átono rexido por preposición etc., isto é, empréganse propositadamente aqueles trazos que serven para identificaren o sistema lingüístico galego-portugués a que pertence o noso idioma. Así, a lectura dos traballos de Freixeiro Mato, alén de se constituír cientificamente nun material de primeira orde para coñecermos a realidade da nosa lingua, permite profundarmos nas construcións e nos xiros e máis autóctones do galego, sempre os empregando de acordo coa nosa tradición lingüística milenaria.

E esa constante preocupación por un modelo de lingua culta, apto para todo o tipo de contextos, percíbese tamén no reprobamento que Freixeiro fai contra certa caste de marcadores discursivos existentes no galego como produto da interferencia do español (pp. 162-166), que corresponden, de acordo co profesor coruñés, a catro

tipos: a) aqueles tirados directamente desa lingua (**bueno*, **o sea* etc.); b) os parcialmente adaptados ao galego (**é decir*, **de todos xeitos* etc.); c) os de dubidosa galegitude (*?sen embargo*, *?en cambio*); d) aqueles en que se detecta maioritariamente a forma coincidente coa española (*en realidade*, *con respecto a* etc., en vez de *na realidade*, *a respecto de* etc.); e) os de escaso uso no galego moderno (*porén*, *en canto* etc.); e f) aqueles que se comportan como sinais conversacionais calcados do español (**veña*, **vale* etc.). Convén notarmos a pertinencia destas indicacións, pois no discurso oral galego, para alén doutros tipos de españolización rexistrábeis (lexical, morfolóxica, sintáctica etc.), tamén se encontran esas unidades; mesmo algunha delas, como **bueno* ou a súa variante popularizada e vulgarizada **boeno*, gramaticalización dun adxectivo castelán, aparecen constantemente na oralidade dos nosos días, mesmo na daquelas persoas con consciencia lingüística. A polifuncionalidade de tales marcas discursivas, que as fai apareceren con significacións textuais diferentes nunhas proporcións de uso certamente altas, concédelles a eses marcadores españolizados, nas palabras de Freixeiro Mato, “unha especial relevancia no avanzado proceso de castelanización en que a lingua galega se acha na actualidade e a que os converte en símbolos representativos da desnaturalización que está padecer o galego” (pp. 164-165).

Até o de agora estivemos a comentar algúns puntos en común aos catro tomos da obra, que son, entre outros factores, os que lle conceden a coherencia necesaria a pesar de ser un proxecto cuxas partes saíron do prelo en anos distintos. Porén, existen algunhas diferenzas con relación ás entregas anteriores, o que sen dúbida é explicábel pola propia xestación e conformación deste cuarto volume. Deste modo, o público lector que coñecer os outros tres volumes notará en falta, quizais, a recorrencia aos textos literarios que se encontra na *Fonética e Fonoloxía*, na *Morfosintaxe* e na *Semántica*, o que ten a súa explicación, como declara o propio autor na “Nota introdutoria”, na inicial concepción deste tomo, que en principio non foi pensado como unha continuación das tres partes anteriores. Así mesmo, congratulándose o autor polas últimas modificacións do estándar galego, aplica congruentemente os seus acordos e indicacións, e é por iso que entre os tres tomos anteriores e este se deixan ver algunhas mudanzas fundamentalmente morfolóxicas, o que non resta consistencia, no entanto, á procura dun modelo de lingua dignamente inserido no espazo lingüístico galego-portugués.

Outro dos asuntos a que non queríamos deixar de facer mención é a relación entre texto e contexto, e en especial ás circunstancias sociais, culturais, lingüísticas e políticas que determinan a produción de textos na Galiza, mesmo os literarios (“O contexto sociolingüístico. Diglosia e texto”, pp. 70-76). Nunha situación como na que se encontra galego, os vínculos evidentes entre autor/a e lector/a, ou, se se preferir, entre locutor/a e ilocutor/a, adquiren novos significados e valores e poden mesmo hipertrofiar a creación e a recepción do texto, secundarizar a vontade

estética, abretemar o significado real do texto etc. Ese mesmo contexto histórico e sociolingüístico é o que explica, sen irmos máis lonxe, a demora no aparecemento das nosas primeiras gramáticas, e, indirectamente, é tamén o motivo de por que até o ano 2003 non contou o galego cunha ferramenta como esta *Gramática do texto* que estamos a comentar.

Xa para finalizarmos estas liñas, e a modo de conclusión, non podemos facer cousa que non sexa dámoslle os parabéns ao autor por, máis unha vez, situar o galego no mesmo nivel do que outras linguas do seu contorno no que se refire á reflexión lingüística desde un ámbito innovador de análise gramatical, máxime, aínda, a termos en conta que a nosa lingua non contaba con ningún traballo de semellantes características e que, grazas a este novo contributo, se cobre un relevante baleiro dentro dos estudos de lingüística galega. Así pois, Xosé Ramón Freixeiro Mato convértese con este traballo no precursor da investigación lingüística aplicada ao galego desde a disciplina da Gramática do Texto, como xa antes o foi por publicar os tres tomos da máis completa, documentada e rigorosa *Gramática* das existentes en galego.

Xosé Manuel Sánchez Rei
sanrei@udc.es

Referencias bibliográficas

- Álvarez, R. / Regueira, X. L. / Monteagudo, H. (1986): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Álvarez, R. / Xove, X. (2002): *Gramática galega* (Vigo: Galaxia).
- Beaugrande, R.-A. de / Dressler, W. Ulrich (1997): *Introducción a la lingüística del texto* (Barcelona: Ariel).
- Carballo Calero, R. (1979) [1966]: *Gramática elemental del gallego común* (Vigo: Galaxia).
- Carré Alvarellos, L. (1967): *Gramática gallega* (A Cruña: Editorial Moret).
- Costa Casas, X. X. / González Refoxo, M. A. / Morán Fraga, C. C. / Rábade Castiñeira, X. C. (1988): *Nova gramática para aprendizaxe da lingua* (A Coruña: Vía Láctea).

Freixeiro Mato, X. R. (1998): *Gramática da lingua galega*. I. *Fonética e Fonoloxía*; (1999): II. *Semántica*; (2000): III. *Morfosintaxe*; (2003): Vol. IV. *Gramática do texto* (Vigo: A Nosa Terra).

Freixeiro Mato, X. R. (2001): *Manual de gramática galega* (Vigo: A Nosa Terra).

Lugrís Freire, M. (1931) [1922]: *Gramática do idioma galego* (A Coruña: Moret).

Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática Gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).

Koch, I. Villaça / Travaglia, L. C. (2002) [1990]: *A Coerência Textual* (São Paulo: Editora Contexto)